

# MATERIAL EXTRA-BONUS MARX:

## [PLUSVALÍA (PLUSVALOR) PLUSVALÍA ABSOLUTA E RELATIVA (Para texto 4)

O dicionario da Real Academia Española (RAE) define á plusvalía como o incremento do valor dunha cousa por causas extrínsecas a ela. O concepto, tamén coñecido como plusvalor, foi desenvolvido polo filósofo alemán **KARL MARX** (1818-1883), a partir da crítica aos economistas clásicos precedentes que xa a tiñan enunciado aínda que de maneira incompleta como **Adam Smith e David Ricardo**.



Marx consideraba que a **plusvalía é aquel valor que o obreiro asalariado crea por encima do valor da súa forza de traballo**. Dito valor, que podería definirse como **traballo non pagado ao obreiro**, é apropiado polo capitalista. **A plusvalía, polo tanto, é a base da acumulación capitalista.**

Para entender a noción de plusvalía, hai que comprender que cada mercadoría encerra un valor que se corresponde ao **tempo de traballo socialmente necesario** para a súa produción (No caso dun moble isto inclúe as horas de traballo necesarias para produci-lo e as horas de traballo que foron necesarias para producir cada unha das mercadorías involucradas no proceso de produción (cravos, madeiras, ferramentas, etc). A forza de traballo tamén é considerada polo marxismo como unha mercadoría, cuxo valor está vinculado ao necesario para que o traballador poida subsistir e reproducirse.

**Por exemplo: se o traballador necesita traballar catro horas ao día para satisfacer as súas necesidades básicas e da súa familia, e a súa xornada de traballo é de oito horas diarias, o capitalista estarase apropiando da plusvalía xerada en catro horas. Este é un valor novo e adicional (é un plusvalor), xa que non formaba parte de ningún outro compoñente do proceso produtivo.**

**Dito de outra maneira, AO OBREIRO NON SE LLE PAGA POLO QUE PRODUCE SENÓN TENDO EN CONTA O QUE EL VALE. SEGUNDO A SÚA ESPECIALIZACIÓN, SEGUNDO AS CONDICIÓN MEDIAS DO PAÍS NO QUE VIVE E DEPENDENDO DE CERTAS OSCILACIÓNS POLA OFERTA E A DEMANDA DESE POSTO DE TRABALLO. PERO O OBREIRO, AO QUE SE LLE PAGA UN SALARIO POR VENDER A SÚA FORZA DE TRABALLO, PRODUCE RIQUEZA POR UN VALOR QUE SUPERA EN MOITO O SALARIO QUE EL RECIBE.**

Supoñendo, baseándonos no caso antes visto, que **o traballo socialmente necesario para producir os bens que o traballador e a súa familia necesitan para vivir durante un día sexa de 4 horas e que o salario do traballador é equivalente ao valor da súa forza de traballo; tendo ademais en conta que O CAPITALISTA BUSCA ALUGAR A FORZA DE TRABALLO POLA MAIOR CANTIDADE DE HORAS POSIBLE (AÍNDA QUE A EXTENSIÓN DA XORNADA LABORAL DEPENDERÁ MÁIS QUE NADA DE REGULACIÓNS LEGAIS E DA FORTALEZA GREMIAL DOS TRABALLADORES ⇒ LOITA PATRONAL/SINDICATOS ●\*●\*) e que é o dono de todo o producido na súa empresa; temos que se a xornada laboral é de 8 horas, entón haberán 4 horas nas que o traballador reproducirá a súa remuneración (TRABALLO NECESARIO) e 4 horas nas cales**

**traballará gratuitamente, sen remuneración (TRABALLO EXCEDENTE, OU PLUSTRABALLO). O valor creado por este plus traballo (materializado nun plus produto) é a plusvalía ou plusvalor, o cal é apropiado gratuitamente polo capitalista. O plusvalor, entón, é tanto a forma específica que adquire o plus produto baixo o réxime de produción capitalista como (tal e como antes dixemos) A BASE DA ACUMULACIÓN CAPITALISTA.**

A masa de plusvalía ou plusvalor é a cantidade de traballo excedente producida pola forza de traballo. Por exemplo, se a xornada laboral é de 8 horas e en 4 horas o obreiro reproduce o valor da súa forza de traballo, a masa de plusvalor é o valor do producido nesas 4 horas de plus traballo.

**A TAXA DE PLUSVALÍA ou plusvalor ou taxa de explotación defínese como o cociente entre a masa de plusvalor e o valor de reprodución da forza de traballo. A taxa amosa deste xeito o grado de explotación ao cal está sometida a forza de traballo. SEGUINDO O EXEMPLO ANTERIOR, 4 HORAS DE PLUSTRABALLO/4 HORAS DE TRABALLO NECESARIO DAN UNHA TAXA DE EXPLOTACIÓN DO 100%. 🍎\***

### **PLUSVALÍA OU PLUSVALOR ABSOLUTO E RELATIVO**

A plusvalía absoluta e a plusvalía relativa son as dúas formas que posúe o capitalista de aumentar a taxa de explotación.

A PLUSVALÍA ABSOLUTA consiste en aumentar a masa de plusvalor mediante o ALONGAMENTO DA XORNADA DE TRABALLO. Aumentando a xornada do exemplo anterior de 8 a 10 horas, temos que o tempo de reprodución do valor da forza de traballo segue sendo 4 horas, pero o tempo de plus traballo aumentou de 4 a 6 horas. A TAXA DE EXPLOTACIÓN É AGORA DO 150%. 🍎\*🍎\*

A PLUSVALÍA RELATIVA consiste en aumentar a masa de plusvalor aumentando a forza produtiva do traballo. Ou sexa, LOGRAR QUE A FORZA DE TRABALLO PRODUZA MÁIS NO MESMO TEMPO OU QUE PRODUZA O MESMO EN MENOR TEMPO. Por exemplo, se a forza produtiva do traballo se duplica, o valor da forza de traballo reproducirase en 2 horas en vez de 4 e o plus traballo aumentará de 4 a 6 horas. Polo que, asumindo que a xornada laboral segue sendo de 8 horas, permite ELEVAR A TAXA DE EXPLOTACIÓN DE 100% A 300%. 🍎\*🍎\*🍎\*]



# HEGEL (O BÁSICO)

**Biografía. Obras.**- Georg Wilhelm Friedrich Hegel (1.770-1.831) naceu en Stuttgart (Alemaña), no mesmo ano que naceron Hölderlin e Beethoven. Estuda no Seminario protestante de Tubinga, onde foi compañeiro e amigo do poeta Hölderlin e do filósofo Schelling. Aquí respiraba un ambiente romántico, no que se exaltan os valores do eu creador, a liberdade e o espírito nacional. Os tres participaron por aquel entón nun vivo entusiasmo pola revolución francesa e pola antigüidade grega.

En 1.793 abandona Tubinga para ir como preceptor a Berna. Máis tarde trasládase a Frankfurt e no 1.801 a Jena, onde se atopaba Schelling. Dúas publicacións pódense destacar en todo este período: “Fe e saber” e “Diferenza entre o sistema de Fichte e Schelling”.

A primeira gran obra non aparecerá ata 1.807: a “Fenomenoloxía do Espírito”. Nesta mesma época enfróntase con serios problemas persoais: a súa ruptura con Schelling e grandes dificultades económicas. Todo isto obrígalle a abandonar Jena. Dende 1.808 é director e profesor de filosofía do “Ximnasio” (Instituto) de Nüremberg. Nesta cidade nacerá outra obra clave do pensamento hegeliano: “Ciencia da lóxica” (os seus dous volumes publícanse en 1.812 e 1.816). No 1.816 pasa Hegel á Universidade de Heidelberg. Un ano máis tarde sae á luz a súa “Enciclopedia das ciencias filosóficas”.

Ao ano seguinte trasládase de novo, esta vez á Universidade de Berlín, a onde vai en pleno triunfo da súa vida profesional. Aquí chegaralle a morte.

Outra das súas obras máis importantes, e de gran influencia, é “Principios da Filosofía do Dereito”. E como obras póstumas, recollidas a partir das súas leccións, teñen singular interese as “Leccións sobre a historia da filosofía”, “Leccións sobre a filosofía da historia universal” e “Leccións sobre a filosofía da relixión”.

**Marco histórico-social.**- A Filosofía de Hegel xorde en estreita dependencia coa situación social, cultural e filosófica do seu tempo.

-a) Situación de Alemaña.- Estado feudal. Política, cultural e economicamente atrasado. Sociedade prusiana (Rei Federico Guillermo III). Estado totalitario e absolutista.

-b) Ideal da polis grega.- A polis grega aparece ante Hegel coma un modelo crítico respecto ao presente. Na polis grega cúmprese a harmonización do individuo co todo social. O individuo non é nada á marxe e separado da comunidade cultural, social, política, da cidade.

O único espírito efectivo é o espírito do pobo, da comunidade. No espírito do pobo constitúese, realízase e planifícase o individuo.

-c) Revolución Francesa.- A Revolución significa para Hegel o triunfo da razón sobre a realidade. O principio da Revolución establecía que o pensamento debía gobernar a realidade e a orde político-social. (Segundo a idea hegeliana: “todo o real é racional”).

Na súa época de xuventude, tal como pode comprobarse nos chamados “Escritos do mozo Hegel”, é un apaixonado seguidor da Revolución Francesa e das liberdades por ela pregoadas e conseguidas. Ata aquí era un fiel seguidor da Ilustración.

Pero o panorama cambia na súa época de madurez, cando constrúe o sistema do IDEALISMO ABSOLUTO. Aquí xa se mostra como un defensor do “status quo” e como un eficaz propagador, con todo o peso da súa autoridade filosófica, da concepción totalitaria do Estado prusiano. Hegel acepta o “compromiso”. O ministro de cultura prusiano, Von Altenstein, utilizou a Hegel para opoñerse ao movemento de protesta estudantil. Intelixentemente, o ministro quixo opoñerse a estes movementos estudantís en defensa dos dereitos e liberdades humanas, non pola forza, senón cun tipo determinado de educación e cultura. Un dos seus instrumentos foi Hegel. Así este desenvolveu en Berlín, durante 13 anos (ata a súa morte) unha gran actividade cultural, chegando a ser a súa filosofía, a Filosofía oficial do Estado prusiano.

## **1.- DO IDEALISMO TRANSCENDENTAL (KANT) AO IDEALISMO ABSOLUTO (HEGEL).**

No Idealismo Transcendental de Kant, o obxecto coñecido é en gran parte unha construción do suxeito cognoscente (que coñece).

No Idealismo Absoluto o obxecto é NA SÚA TOTALIDADE creación dun suxeito.

O camiño que leva dende o idealismo transcendental ao idealismo absoluto foi xa iniciado por Kant no seu Opus Postumum.

Nel comezaba a afastarse do que estudáramos na súa “Crítica da Razón Pura”, ao afirmar que o nóumeno NON É UN SER EN SI DISTINTO DO OBXECTO PRESENTE NO FENÓMENO. Non é algo descoñecido que exista con independencia da representación tida polo suxeito.

A distinción entre Fenómeno e Nóumeno (dirá aquí Kant, abrindo un camiño diferente ao da súa propia filosofía) non é a que se dá entre dous tipos de obxectos, senón entre dúas maneiras de coñecer o mesmo obxecto. Un mesmo obxecto pode:

- ser pensado como nóumeno (cosa en si)
- ser coñecido como fenómeno.

En cada un dos casos SON EU O QUE CONSTRÚE O OBXECTO (de formas diferentes, iso si).

Esta concepción kantiana da cosa en si (nóumeno) no “Opus Postumum”, abre o paso ao idealismo postkantiano, que ten como principais representantes a:

- TEÓFILO FICHTE (IDEALISMO ÉTICO)
- GUILLERME SCHELLING (IDEALISMO ESTÉTICO)
- G.W.F. HEGEL (IDEALISMO ABSOLUTO)

## **2.- O IDEALISMO ABSOLUTO HEGELIANO: A SÚA NATUREZA.-**

Ao idealismo hegeliano denomínaselle IDEALISMO ABSOLUTO.

i) Non se trata dun idealismo como contraposto ao realismo, no sentido de contraposición entre o que debe ser e o que é. (P. ex: “Xoán é un idealista, porque quere cambiar a sociedade e facer ao home perfecto”). Hegel sempre se enfrontou a esta filosofía do deber ser, tal como aparece en FICHTE e nos románticos alemáns (SCHLEGEL e NOVALIS). Hegel IDENTIFICA O SER CO DEBER SER ( cousas que separara Kant. Para Hegel, as cousas son como deben ser).

Polo tanto, para Hegel este idealismo dos autores antes citados (Kant, Fichte, etc...) implica un estado de insatisfacción ante o real. O home séntese guindado nun mundo hostil e insatisfactorio que aspiraría a superar e modificar. Fronte a isto, Hegel pensa que a misión da Filosofía non é apartar ao home do mundo real, senón reconciliar (se é que estivera irreconciliado) ao home coa realidade.

Para que o home se sinta na realidade como no seu fogar, hai que comprender ben esta realidade. GRAN MISIÓN FILOSOFÍA ⇒ CONSEGUIR QUE O HOME COMPRENDA A REALIDADE.

ii) Non ten que ver o idealismo absoluto hegeliano co idealismo transcendental de Kant.

Idealismo transcendental:

- COUSA EN SI → INCOGNOSCIBLE → NÓUMENO
- COGNOSCIBLE → FENÓMENO.

HEGEL ⇒ NON EXISTE A COUSA EN SI (NÓUMENO). NON HAI REALIDADE INDEPENDENTE DO PENSAMENTO. (“*TODO O REAL É RACIONAL E TODO O RACIONAL É REAL*”).

iii) Non é un idealismo como o de Berkeley (ser é ser percibido ou percibir). Para Hegel é ridículo pensar que só existan seres pensantes. Esta forma de idealismo parécelle superficial. Di que é inxenuo crer que as cousas sensibles e materiais se reduzan no seu ser ao mundo da conciencia. Di en “Leccións de Estética”:

*“A plumaxe multicolor dos paxaros brilla, aínda que non sexa vista por ninguén; o seu canto resoa, incluso se ninguén o escoita; este cacto, que non florece máis que unha noite, e estes bosques tropicais, onde se entrelazan as plantas máis belas e máis luxuriosas, emiten os máis suaves perfumes, e todo isto perece e se destrúe sen que ninguén interveña nisto”.*

.....#.....

Entón, ¿en que consiste o idealismo absoluto hegeliano? ⇨ EN FACER DA IDEA O PRINCIPIO SUPREMO; EN FACER DA IDEA O ABSOLUTO.

*“A idea é o verdadeiro en si e por si. É a unidade absoluta da noción e o seu obxecto. É, por tanto, o suxeito-obxecto, a unidade do real e o ideal, do finito e do infinito”.* ]

# HEGEL: A ALIENACIÓN E A DIALÉCTICA

## 1.- A ALIENACIÓN EN HEGEL.-

Habería que comezar dicindo que para Hegel:

A IDEA É UN SUXEITO UNIVERSAL QUE TODO O COMPRENDE E DO CAL TODAS AS COUSAS NON SON MÁIS QUE UN DESENVOLVEMENTO, UN DESPREGUE, UNHA MANIFESTACIÓN.

(Discutiuse moito sobre se Hegel identificaba a idea con Deus. Como o seu pensamento é terriblemente escuro e difícil de interpretar -poida que sexa o filósofo máis difícil de entender de todos os tempos-, é arriscado afirmalo ou negalo.)

Este despregue da Idea, do principio supremo, pódese considerar en tres momentos:

1º Momento ⇒ IDEA EN SI ( IDEA )

2º Momento ⇒ IDEA FÓRA DE SI ( NATUREZA )

3º Momento ⇒ IDEA PARA SI ( ESPÍRITO )

1º Momento → A idea considérase en si mesma. Estúdao a LÓXICA (¡¡en Hegel, Lóxica ten o sentido de METAFÍSICA!!).

2º Momento → A idea exteriorízase na Natureza material, isto quere dicir que se ALIENA, (de “alius” = outro), que se fai outra cousa. Momento que estuda a FILOSOFÍA DA NATUREZA.

3º Momento → A idea que se alienara, que se fixera outra, vólvese encontrar a si mesma como Espírito, grazas ao home. Este momento estúdao a FILOSOFÍA DO ESPÍRITO.

Cada un destes tres momentos divídese en tríades (INFLUENCIA DA DIALÉCTICA).

## 2.- A DIALÉCTICA HEGELIANA.-

O método seguido por Hegel é o chamado método dialéctico. É dicir, Hegel utiliza a dialéctica como método.

Mantén a opinión de que a evolución da Idea no seu despregue, e, por tanto, o proceso do pensamento (“*todo o real é racional e todo o racional é real*”) verifícase a través de tres momentos, fases ou graos:

- A TESE

- A ANTÍTESE

- A SÍNTESE

- TESE = A POSICIÓN

- ANTÍTESE = A CONTRAPOSICIÓN

- SÍNTESE = A CONCILIACIÓN (DOS DOUS CONTRARIOS

ESTABLECIDOS NA TESE E ANTÍTESE).

Toda síntese supón unha detención, un parón na evolución do real ou na do pensamento, pero é un parón MOMENTÁNEO.

Esta síntese de seguido serve de tese para outro proceso dialéctico, xa que a síntese transformada en tese leva en si a necesidade da aparición doutra antítese, da súa negación. E esa nova oposición dos contrarios será SUPRIMIDA E SUPERADA nunha nova síntese e así sucesivamente.

Este proceso dialéctico, tanto real como mental, tanto na realidade como no pensamento, é concibido dunha forma OPTIMISTA por Hegel.

Cada síntese suprime a oposición tese/antítese, pero ao mesmo tempo mantén o positivo da tese e antítese suprimidas. Por tanto:

O PROCESO DIALÉCTICO = PROCESO DE PERFECCIONAMENTO.

Para Hegel A CONTRADICCIÓN É O GRAN PRINCIPIO RECTOR DE TODO O PROCESO DIALÉCTICO. Todo momento do real, do pensamento, leva en si a súa propia negación.

(Hegel dirá que a morte respecto da vida non é algo que veña accidentalmente. Na mesma esencia da vida, na mesma entraña do vital está a morte. É máis, o propio vivir leva en si o morrer, xa que cada momento que vivimos acelera o proceso de dexeneración que levará á morte).

.....#.....

O MÉTODO DIALÉCTICO É A GRAN APORTACIÓN DE HEGEL AO PENSAMENTO DA HUMANIDADE. Neste terreo aparece coma un dos grandes pensadores de todos os tempos.

## DE HEGEL A MARX, PASANDO POR FEUERBACH.-

Debido á altura do pensamento de Hegel e á protección oficial da que gozou por parte das autoridades prusianas, as doutrinas hegelianas exerceron un notable influxo.

Os discípulos de Hegel dividíronse en dous grupos fundamentais: A DEREITA HEGELIANA//A ESQUERDA HEGELIANA, sendo o criterio básico para a pertenza a un ou outro grupo a postura que se adoptara ante o PROBLEMA DE DEUS E O DA ALMA HUMANA. A dereita hegeliana interpretou as teorías de Hegel de maneira que foran compatibles coa existencia dun Deus persoal e dunha alma humana tamén persoal; era, puideramos dicir, a interpretación espiritualista do mestre; sen embargo, é indubidable que todo o peso da influencia hegeliana descargou na esquerda hegeliana.

Da ESQUERDA HEGELIANA xurdirán o MARXISMO e o ANARQUISMO (é curioso cómo a doutrina hegeliana da contradición como esencia do real cumprese nas súas teorías; Hegel, o filósofo conservador e defensor do establecido, do “establishment”, vai orixinar das súas propias teorías, “da súa carne e do seu sangue”, os dous máis poderosos movementos revolucionarios de todos os tempos 🌟🌟).

A esquerda hegeliana vaise caracterizar por:

CONSERVAR O MÉTODO DE HEGEL ⇨ A DIALÉCTICA  
REXEITAR A PREVALECENCIA DO ESPÍRITO.

Así temos que:

A DIALÉCTICA DE HEGEL ⇨ DIALÉCTICA ESPIRITUAL  
A DIALÉCTICA DOS HEGELIANOS DE ESQUERDA ⇨ DIALÉCTICA DA  
MATERIA.

En Hegel DEUS OCUPA UN LUGAR FUNDAMENTAL NO SEU SISTEMA. Os hegelianos de esquerda SERÁN ATEOS.

.....#.....

Esta esquerda hegeliana tivo como principais representantes, antes de chegar a Marx, a BRUNO BAUER, MOISÉS HESS e sobre todo, a LUDWIG FEUERBACH, que constitúe o principal anel de enlace entre Hegel e Marx.

LUDWIG (LUÍS) FEUERBACH.- (1.804-1.872).-

A ALIENACIÓN EN FEUERBACH

Nacido en Landshut; estudou filosofía con Hegel; pronto formou parte da esquerda hegeliana, da que chegou a ser o mestre indiscutido. A evolución do seu pensamento resúmese nestas palabras do propio Feuerbach: “O meu primeiro pensamento foi Deus; o segundo, a razón; o terceiro e último, o home”. As súas obras principais son “Pensamentos sobre a morte e a inmortalidade” (publicada en 1.830 anonimamente -non estaba o ambiente para bromas-), “A esencia da relixión” e “A esencia do cristianismo”. Feuerbach é considerado como o PAI DO HUMANISMO ATEO, é dicir, dunha doutrina que centra toda a súa especulación no home, prescindindo e negando a existencia de Deus: PARA AMAR REALMENTE AO HOME HAI QUE ELIMINAR A DEUS.

Por outra parte, DEUS NON É MÁIS CÁ UNHA IMAXE IDEALIZADA DO HOME; o ser humano proxecta todos os seus anhelos, en xeral frustrados, nun ser superior; non é Deus o que creou ao home á súa imaxe e semellanza, senón que é O HOME QUEN CREOU A DEUS Á SÚA IMAXE E SEMELLANZA. 🌟🌟 Pero, o grave, dirá Feuerbach, é que esa imaxe do home e creada polo home, converteuse nunha OPRESORA DO SEU CREADOR; o home sacrifícase, sofre e se entrega a esa imaxe por el construída. O HOME ALIÉNASE EN DEUS. O home aliénase, faise outro, en aras dun FALSO IDEAL. O concepto de alienación, xa utilizado por Hegel ao falar de cómo a Idea se aliena na natureza material, experimenta un cambio substancial: a alienación hegeliana transfórmase nunha ALIENACIÓN RELIXIOSA, na que O HOME FAISE OUTRO, PÉRDESE A SI MESMO ENTREGADO A UN DEUS INEXISTENTE E CREADO POLO PROPIO HOME. 🌟🌟

Por outra parte xa Feuerbach insistirá no PAPEL DETERMINANTE DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS SOBRE A CONCIENCIA E SOBRE O MODO DE PENSAR DO HOME.

Dúas expresións sintetizan as ideas do filósofo neste sentido:

“Cada home pensa segundo o que come” 🌟🌟

“Non se pensa igual nun palacio que nunha choza”. 🌟🌟

Unha e outra tese, a alienación relixiosa e o poder determinante do económico, serán recollidas por Marx e Engels.



# LA CONCEPCIÓN MARXISTA DA FAMILIA E DA RELACIÓN ENTRE HOME E MULLER

É un dos puntos máis interesantes do marxismo. Para esta exposición seguimos basicamente a Engels na súa obra "A orixe da familia, da propiedade privada e do Estado" (no prólogo da obra Engels nos di que fora intención de Marx escribir sobre este tema, pero que llo impediu a morte).

Engels describe así a orixe da sociedade e da familia:

a) Na súa orixe, existía un primitivo comunismo de bens na sociedade, é dicir, non había propiedade privada; a este comunismo económico correspondía un comunismo persoal, é dicir, as unións home-muller eran libres e ocasionais.

b) A aparición da propiedade privada levou consigo a APARICIÓN DA FAMILIA, na que a muller era UN OBXECTO MÁIS DA PROPIEDAD DO VARÓN.

c) Coa aparición da familia monogámica, a situación da muller vai empeorar máis aínda. A MULLER VAISE ALIENAR NO HOME. E isto por dúas razóns fundamentais: -1) porque a muller se vai constituír na SERVENTA MÁIS DISTINGUIDA e -2) porque O MATRIMONIO NON VAI SER UNHA CUESTIÓN DE AMOR, SENÓN UN NEGOCIO ECONÓMICO.

A muller, a muller-obxecto, é un produto da propiedade privada, situación de muller-obxecto exacerbada polo capitalismo.

d) Só coa desaparición do capitalismo e o nacemento do comunismo, a muller se rehabilitará como ser humano e se atopará a si mesma, perdida a súa anterior alienación.

e) Na sociedade comunista A MULLER SERÁ IGUAL AO HOME, e será esta sociedade a que conceda á muller a súa liberación; Engels sinalaba que a primeira condición da liberación da muller era a PARTICIPACIÓN DESTA NO TRABALLO PÚBLICO, na fábrica, no taller, nos negocios, etc...

É dicir, o ABANDONO DA TEORÍA DAS TRES "K" (A MULLER ESTABA DESTINADA a Kinder, Küche, Kirche = NENOS, COCIÑA, IGREXA).

f) Engels decátase de que alguén, se a muller traballa, ten que coidar dos fillos. Pois ben, SERÁ A SOCIEDADE QUEN O FAGA:

*"A economía doméstica privada transfórmase en industria social; os coidados e a educación que hai que proporcionar aos fillos convértense nun asunto público. A sociedade coidará por igual de todos os fillos, xa sexan lexítimos ou naturais".* (Que saibamos, os primeiros que de maneira reiterada defenderon a igualdade dos fillos lexítimos ou naturais -tese hoxe en día xa aceptada case universalmente?- foron os marxistas).

g) Como consecuencia disto, DESAPARECERÁ O TEMOR AO FILLO E OS ESCRÚPULOS QUE IMPIDEN A PRÁCTICA DO VERDADEIRO AMOR:

*"Co temor do fillo desaparecerán as preocupacións das consecuencias, hoxe motivo esencial, tanto moral como económico, que impide a unha rapaza darse sen reservas ao que ela ama".*

h) E, como consecuencia, DESAPARECERÁ A OBSESIÓN SEXUAL E A SÚA REPRESIÓN:

*"Haberá, progresivamente, máis liberdade no comercio sexual, e unha opinión, en consecuencia, menos rigorosa en materia de honor virxinal e de deshonra das mulleres".*

i) A DURACIÓN DO MATRIMONIO SERÁ A QUE DURE O AMOR; O MATRIMONIO TEN COMO OBXECTO A FELICIDADE DO SER HUMANO, NON TRANSFORMARSE NUNHAS CADEAS OU NUN CILICIO; DESAPARECIDO O AMOR, O MATRIMONIO CUMPRIU A SÚA FUNCIÓN:

*"Isto será coma un revivir, baixo unha forma superior, da liberdade, da igualdade e da fraternidade das antigas xentes".*

l) Pero, mentres dure, O MATRIMONIO SERÁ MONOGÁMICO, non por imposición legal, imposición que fixo da monogamia unha HIPÓCRITA FARSA, senón pola mesma NATUREZA DO AMOR:

*"Como, pola súa natureza, o amor sexual é exclusivo, o matrimonio fundado sobre o amor sexual é, pola súa propia natureza, monogámico".* ]

**[BERTOLT BRECHT**  
**FRASES COMUNISTAS-ANTICOMUNISTAS**  
**FRASES DUN REVOLUCIONARIO (CHE GUEVARA)]**



# [BERTOLT BRECHT

## ALABANZA DEL COMUNISMO

Es razonable, todo el mundo lo entiende.  
Es sencillo.  
Tú que no eres explotador puedes entenderlo.  
Es bueno para ti.  
Infórmate al respecto.

Los estúpidos lo llaman estúpido  
y los sucios lo llaman sucio.  
Es contrario a la suciedad y a la estupidez.

Los explotadores lo llaman crimen, pero nosotros lo sabemos:  
es el fin de los crímenes.  
No es una locura, sino el fin de la locura.  
No es el enigma, sino la solución.  
Es lo sencillo que resulta difícil de realizar.

## EL ANALFABETO POLÍTICO

El peor analfabeto es el analfabeto político, él no oye, no habla ni participa en los acontecimientos políticos.  
No sabe que el costo de la vida, el costo de los frijoles, del pescado, de la harina, del alquiler, del calzado y de las medicinas, dependen de las decisiones políticas.  
El analfabeto político es tan animal que se enorgullece e hincha el pecho al decir que odia la política.  
No sabe el imbécil que de su ignorancia política, proviene la prostituta, el menor abandonado, el asaltador y el peor de todos los bandidos que es el político aprovechado, embaucador y corrompido lacayo de las empresas nacionales y multinacionales.

Bertolt Brecht.

**HAY HOMBRES QUE LUCHAN UN DÍA Y SON BUENOS. HAY OTROS QUE LUCHAN UN AÑO Y SON MEJORES. HAY QUIENES LUCHAN MUCHOS AÑOS, Y SON MUY BUENOS. PERO HAY LOS QUE LUCHAN TODA LA VIDA, ESOS SON LOS IMPRESCINDIBLES.**

Bertolt Brecht. ]

## [FRASES COMUNISTAS-ANTICOMUNISTAS

Me considero un rojo sin diminutivos. No soy un rojillo, soy un rojo, un rojazo. Y eso no quiere decir comunista, ni socialista, ni anarquista, quiere representar esa hermosísima ideología de hace unos años, que hacía creer que esta infamia de mundo podía cambiar de alguna manera.

Joaquín Sabina

Cuando alimenté a los pobres me llamaron santo; pero cuando pregunté por qué hay gente pobre me llamaron comunista.

Helder Cámara

Soy un comunista hormonal.

José Saramago

Hay comunistas que sostienen que ser anticomunista es ser fascista. Esto es tan incomprendible como decir que no ser católico es ser mormón.

Jorge Luis Borges

Cuando se haya eliminado el peligro comunista, volverá el orden normal de las cosas.

Adolf Hitler

La oligarquía se inventa un enemigo comunista para aplastarnos a nosotros, que somos el enemigo real.

John William Cooke

El partido comunista es el arma principal de la acción revolucionaria del proletariado, es la organización de combate de su vanguardia, que debe erigirse en guía de la clase obrera en todos sus combates y, por tanto, también en el movimiento sindical.

León Trotsky

Nosotros somos comunistas y se nos hace fácil el proyecto de repartir los bienes materiales, porque no tenemos nada.

Mario Payeras

Tiemblen, si quieren, las clases gobernantes, ante la perspectiva de una revolución comunista. Los proletarios, con ella, no tienen nada que perder, como no sea sus cadenas. Tienen, en cambio, un mundo entero que ganar.

Karl Marx

Pero cualesquiera que sean las circunstancias de mi muerte, moriré con una fe inquebrantable en el futuro comunista. Esta fe en el hombre y su futuro me da, aun ahora, una capacidad de resistencia que ninguna religión puede otorgar.

León Trotsky

“El comunismo es la filosofía del fracaso, el credo de la ignorancia, la prédica de la envidia, y su virtud inherente es la distribución igualitaria de la miseria”

Sir Winston Churchill

"El Socialismo funciona en solo dos lugares: En el cielo donde no lo necesitan y en el Infierno donde ya está implantado"

-Ronald Reagan-

Quien no extraña la Unión Soviética, no tiene corazón. Quien la quiere de vuelta, no tiene cerebro  
Vladímir Putin

¿Cómo distingues a un comunista? Bueno, es alguien que lee a Marx y a Lenin ¿Y cómo distingues a un anticomunista? Es alguien que entiende a Marx y a Lenin

Ronald Reagan

Conmigo se va la última esperanza del mundo, las democracias occidentales son decadentes, el comunismo, con gobiernos más autoritarios, a la larga, acabará conquistando el mundo  
Adolf Hitler

Proletarios de todos los países, uníos

Karl Marx

El comunismo no priva a nadie del poder de apropiarse productos sociales; lo único que no admite es el poder de usurpar por medio de esta apropiación el trabajo ajeno

Karl Marx

Cuando haya desaparecido la subordinación esclavizadora de los individuos a la división del trabajo, y con ella, la oposición entre el trabajo intelectual y el trabajo manual; cuando el trabajo no sea solamente un medio de vida, sino la primera necesidad vital; cuando, con el desarrollo de los individuos en todos sus aspectos, crezcan también las fuerzas productivas y corran a chorro lleno los manantiales de la riqueza colectiva, sólo entonces podrá rebasarse totalmente el estrecho horizonte del derecho burgués, y la sociedad podrá escribir en sus banderas: ¡De cada cual, según sus capacidades; a cada cual, según sus necesidades!

Karl Marx

El marxismo es todopoderoso porque es cierto

Lenin

Para nosotros el comunismo no es un estado que debe implantarse, un ideal al que hay que sujetar la realidad. Nosotros llamamos comunismo al movimiento real que anula y supera el estado de cosas actual

Karl Marx

La teoría del comunismo se puede reducir a una oración: Abolir toda propiedad privada.

Karl Marx

El obrero tiene más necesidad de respeto que de pan.

Karl Marx

La legalización del Partido Comunista es un verdadero golpe de Estado

Manuel Fraga Iribarne

El comunismo no funciona porque a la gente le encanta poseer porquerías.

Frank Zappa ( incríbel músico ao que admiro fundamente) ]

# [FRASES DUN REVOLUCIONARIO (CHE GUEVARA)

Nombre: Ernesto Che Guevara

Datos del autor:

(1928-1967). Revolucionario y líder político latinoamericano, cuya negativa a adherirse tanto al capitalismo como al comunismo ortodoxo le convirtió en un héroe de los nuevos grupos izquierdistas que surgieron en la década de 1960.

Nació el 14 de Junio de 1928 en Rosario, provincia de Santa Fe (Argentina) y obtuvo el Doctorado en Medicina por la Universidad de Buenos Aires en 1953. Convencido de que la revolución era la única solución posible para acabar con las injusticias sociales existentes en Latinoamérica, en 1954 marchó a México, donde se unió al Movimiento 26 de Julio, grupo integrado por revolucionarios cubanos exiliados a las órdenes de Fidel Castro. A finales de la década de 1950, jugó un importante papel en la lucha de guerrillas iniciada por Castro contra el dictador cubano Fulgencio Batista. Desapareció de Cuba en 1965, reapareciendo al año siguiente en Bolivia, como líder de los campesinos y mineros bolivianos contrarios al gobierno militar. Fue capturado por el Ejército boliviano y fusilado cerca de Vallegrande el 9 de octubre de 1967.

Frases celebres de Ernesto Che Guevara

1. "Prefiero morir de pie, a vivir arrodillado."
2. "Podrán morir las personas, pero jamás sus ideas."
3. "Recuerden que el eslabón más alto que pude alcanzar la especie humana es ser revolucionario."
4. "Todos los días la gente se arregla el cabello, ¿por qué no el corazón?."
5. "La revolución es algo que se lleva en el alma, no en la boca para vivir de ella."
6. "Sean capaces siempre de sentir, en lo más hondo, cualquier injusticia realizada contra cualquiera, en cualquier parte del mundo. Es la cualidad más linda del revolucionario."
7. "Si fuéramos capaces de unirnos, qué hermoso y que cercano seria el futuro"
8. "Si no hay (café) para todos, no habrá para nadie."
9. "El socialismo económico sin la moral comunista no me interesa."
10. "La única lucha que se pierde es la que se abandona."
11. "Si avanzo sígueme, si me detengo empújame, si retrocedo mátame."
12. "El trabajo debe dejar de ser una penosa necesidad para volverse un agradable imperativo."
13. "Sepan los nacidos y los que van nacer que nacimos para vencer y no para ser vencidos."
14. "En cualquier lugar que nos sorprenda la muerte, bienvenida sea."
15. "Hay que endurecerse sin perder jamás la ternura."
16. "La mentira es la antesala de la traición." ]

